



INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN SOBRE DROGAS

PROGRAMA

XUSTIFICACIÓN:

As intervencións de tipo informativo-sensibilizador tratan de difundir, comunicar e transmitir mensaxes preventivas eficaces, dirixidas á poboación xeral ou a grupos específicos desta poboación. Para conseguilo centran os seus esforzos en desenvolver e promover a utilización de estratexias, métodos e actuacións que aseguren, tanto a calidade das mensaxes transmitidas, como a eficacia dos instrumentos utilizados para a súa difusión. A realización de actuacións neste ámbito estratéxico responden ao mandato establecido na lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, que no artigo 4 recolle como prioritaria a atención á información e á formación en prevención das drogodependencias.

OBXECTIVOS:

A finalidade última destas intervencións preventivas é a de promover a adopción de estilos de vida saudables entre a poboación destinataria, procurando que se reduzan as prevalencias dos consumos de drogas e os problemas sociosanitarios asociados con eles.

Obxectivos específicos que se tratan de cubrir con estas intervencións:

- Reducir as actitudes favorables ao uso de drogas.
- Incrementar a percepción do risco asociado ao uso das distintas drogas.
- Modificar as crenzas e mitos sobre os efectos das distintas sustancias.
- Reducir a intención de consumir drogas no futuro.

DESTINATARIOS:

A poboación destinataria deste programa é a poboación xeral ou grupos específicos da mesma.

METODOLOXÍA:

As intervencións de información-sensibilización aplícanse en todos os contextos onde se implementan programas de prevención: escola, familia, espazos de ocio, empresas, etc. Existen múltiples formatos e canles a través dos cales se poden instrumentalizar as estratexias de información-sensibilización, entre os que cabe sinalar os seguintes:

- Campañas de sensibilización social
- Campañas de difusión dos recursos preventivos existentes
- Folletos e carteis
- Intervencións en prensa, radio e televisión
- Guías informativas, etc

CONTIDOS:

- Efectos do consumo de drogas legais e ilegais e as súas consecuencias sobre a saúde das persoas.
- Tópicos, mitos e estereotipos relacionados co uso de drogas.
- Condutas relacionadas co uso de drogas: uso, abuso, dependencia e consumos de risco.
- Identificación de factores que incrementan a probabilidade de que se rexistren consumos de drogas.
- Estratexias para se manter ao marxe das drogas.
- Recursos dispoñibles en materia de prevención e asistencia ás drogodependencias.